

sobre o patrimonio do debedor. No caso do canon da auga, esta falta de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Formas de pagamento: Mediante domiciliación no banco ou en calqueira oficina de Abanca, Banco Santander ou BBVA provistos do documento de ingreso que se lles remitirá ou poderán solicitar no Concello.

Cervo, 28 de decembro de 2018. O Alcalde, Alfonso Villares Bermúdez.

R. 3740

COSPEITO

Anuncio

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación, o límite de gasto non financeiro, o orzamento xeral e o cadro de persoal do Concello para a exercicio 2019, en sesión celebrada o día 21 de decembro de 2018, de conformidade co disposto no artigo 169.1 do Real decreto legislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, exponse ao público polo prazo de quince días hábiles, a contar dende o día seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia. Durante ese prazo poderán os interesados formular as reclamacións que estimen pertinentes.

No caso de que transcorrido o prazo de información pública non se tivesen presentado reclamacións, o Orzamento considerarase definitivamente aprobado. En caso contrario, o Pleno disporá dun mes para resolvelas.

Cospeito, 26 de decembro de 2018.- O alcalde, Armando Castosa Alvariño.

R. 3726

Anuncio

Mediante Resolución de 10 de decembro de 2018 o Sr Alcalde acordou, de conformidade co establecido nos artigos 43, e 44.1 e 2 e 47.2 do ROF:

Delegar en D. Álvaro Puente Seijas, concelleiro de Obras e infraestructuras xerais, a competencia da representación do Concello de Cospeito aos efectos do levantamento da acta previa á ocupación dos terreos afectados polo "proxecto de expropiación por tasación conxunta dos bens e dereitos incluídos do Plan de Sectorización do sector FM II SUB/PRI, en Feira do Monte", que terá lugar o día 11 de decembro de 2018.

Cospeito, 11 de decembro de 2018.- O alcalde, Armando Castosa Alvariño.

R. 3741

A FONSAGRADA

Anuncio

De conformidade co disposto no acordo da Xunta de Goberno Local do Concello da Fonsagrada de 11 de decembro de 2018, fanse públicas as bases para a o nomeamento con carácter interino dun condutor de motoniveladora ao abeiro do Programa de fomento do emprego financiado pola Deputación Provincial de Lugo.

Lugar e prazo de presentación de solicitudes: No Rexistro do Concello da Fonsagrada. En caso de presentar a solicitude por outros medios previstos no art. 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, deberán remitir comunicación por fax ao Concello (982340001) dentro do prazo de presentación de solicitudes.

O prazo de presentación será de 7 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Requisitos: Os establecidos nas bases da convocatoria.

As bases completas da convocatoria estarán expostas no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello da Fonsagrada (www.afonsagrada.org)

A Fonsagrada, 21 de decembro de 2018.- O alcalde, Argelio Fernández Queipo.

R. 3710